

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio do 12 de abril de 2005, da División de Recursos Humanos, polo que se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos, excluídos e exentos da proba práctica do proceso de selección para vinculación temporal de técnicos en ergonomía e psicocioloxía aplicada, para as institucións sanitarias deste servizo (Diario Oficial de Galicia número 33, do 17 de febreiro de 2005).

A citada relación de aspirantes será publicada o mesmo día de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* nos taboleiros de anuncios das xerencias das institucións sanitarias do Sergas, da Secretaría Xeral do Sergas, da Consellería de Sanidade, das direccións provinciais do Sergas, das delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e da Dirección Xeral de Saúde Pública, así como na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Os aspirantes que foron seleccionados nalgunha das convocatorias de selección temporal formalizadas pola División de Recursos Humanos para técnicos superiores na especialidade de ergonomía e psicocioloxía aplicada, ou que teñan prestado servizos nesta nas institucións sanitarias do Sergas por un mínimo de dous meses e teñan superado o período de proba, estarán exentos da realización da proba práctica.

Os aspirantes que figuren nesta relación disporán de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para emendar os erros, ou para achegar a documentación que lles acredite a exención da proba práctica.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2005.

Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE CORCUBIÓN**

Edicto (317/2004).

Juan Fancisco Riobó Fernández, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un dos de Corcubión, fago saber que neste xulgado e co número 317/2004 se segue por instancia de Ildefonso Fuentes Varela, expediente para a declaración de falecemento de Ildefonso Fuentes Lema, natural de Carreira-Zas (A Coruña), que tería actualmente 93 anos de idade, que se ausentou do seu último domicilio en Zas, emigrando ao Brasil no ano

1952 e fixou a súa residencia en Río de Janeiro, non se teñen noticias del desde esa data e ignórase o seu paradiro. Isto faise público para que os que teñan noticias da súa existencia poidan poñelas en coñecemento do xulgado e ser oídos.

Dado en Corcubión o 30 de decembro de 2004.

O secretario
Rubricado

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO**

Resolución do 10 de febreiro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/54-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: Travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T., C.T., R.B.T. Arufe, Cela, San Pedro.

Situación: concello de Mos.

Descricións técnicas: L.M.T. aérea a 15 kV con condutor LA-56, de 24 m de lonxitude, con orixe no apoio nº 1 da L.M.T.A. ao C.T. Atín e remate no C.T. Atín. L.M.T. subterránea a 15 kV con condutor tipo R.H.V. de 950 m de lonxitude, con orixe no apoio que se colocará tipo H.V.-250/11 na L.M.T. o C.T. Atín e remate no C.T. proxectado, de 160 kVA R.T. 15 kV/400-230 V, situado en Arufe, Cela, no concello de Mos. Dúas R.B.T., unha aérea e outra subterránea, de 415 e 60 m de lonxitude respectivamente, ambas con orixe no C.T. proxectado.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alega-